

# Tres notables exiliados no congreso da emigración galega

Modesto HERMIDA GARCÍA

## 1. INTRODUCCIÓN

Entre o 24 e o 31 de xullo de 1956, evocando o Banquete de Conxo no seu centenario, celebrouse en Bos Aires o Primeiro Congreso da Emigración Galega, ó que acudiron moi notables emigrantes e exiliados, tales como Lois Tobío, Xesús Canaval, Ramón Suárez Picallo, Xerardo Álvarez Gallego, Emilio González López, Ramón Rey Baltar, Alfonso Gayoso Frías, entre outras moitas e significativas personalidades da diáspora galega.

Dende Bos Aires, dende México e dende Venezuela acudiron a este evento os tres persoeiros dos que nos imos ocupar sucesivamente: Ramón de Valenzuela Otero, Francisco Comesaña Rendo e Xosé Velo Mosquera. Como breve presentación, dinantes de pasarmos a informar da significativa participación que tiveron no congreso, cremos que procede achegar unha sintética semblanza de cada un deles, de moi diversa traxectoria, de moi diversas maneiras nas respectivas militancias, pero todos eles esquerdistas convencidos, todos eles implicados nalgunha das maneiras de entender o compromiso galeguista.

### 1.1. RAMÓN DE VALENZUELA

Ramón de Valenzuela (1914), que exerceu a docencia en diversas circunstancias, foi dende moi novo un afouto militante galeguista e un dinamizador cultural en ben diversos medios. Participou no ano 1933 nos Ultreyas, aquela organización xuvenil tan radical que creara, dende Noia, Álvaro das Casas, e colaborou en *La Razón* de Laín co pseudónimo Ramón da Viña. Polos anos 1934 e 1935 fixo

humor radiofónico en Pontevedra co sobrenome Pepe dos Cestos, actividade e pseudónimo que abandonou por chegar á conclusión de que era esta unha maneira de incidencia galeguista pouco digna. Participou en 1935 nas Moceidades Galeguistas e, dende esta organización, na Asemblea de Santiago, foi elixido representante do Partido Galeguista para Lalín e A Estrada, o que lle permitiu, xa como dirixente, facer unha proposta de organización que consistía en crear células dun reducido número de membros. Participou nas campañas a prol do Estatuto, e tamén en mitins con Castelao, xa retornado este do desterro en Badaxoz, e con Víctor das Casas. Foi activo colaborador na creación do Seminario de Estudos Galegos.

Cando estalou a guerra, como recurso de autodefensa –xa fora detido no 36 e posto en liberdade grazas ós eficaces oficios dun seu familiar– apuntouse voluntario ás filas do exército sublevado pero, na fronte de Cáceres, despois de repetidas tentativas, conseguiu pasarse ó Exército Republicano para integrarse na división de Líster. En Barcelona colabora en *Nueva Galicia*, aquela revista dos comunistas galegos. En 1939 pasou a Francia, a Argelès, e foi axudado polos seus paisanos de Bandeira emigrados en Bos Aires; en Francia colabora, co rango de oficial, nos servizos de información, integrado no 2º Boureau do Exército Francés, ata que o detén a Gestapo e o entrega ó Goberno de Franco. Recluído no cárcere de Ávila, sae en liberdade vixiada no ano 1944 e pasa a residir en Vilagarcía. No ano seguinte casa con María Victoria Villaverde e no 47 consegue rematar a licenciatura en Historia. No ano 1949 procura seguridade en Bos Aires

e alí, entre outras moitas actividades, colabora na revista de Seoane *Galicia Emigrante* e na fundación da Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (AGUEA). No ano 57 publica *Non agardei por ninguén*, traduce *A camisa* de Lauro Olmo e *A casa do latoeiro* de Singe, de maneira que abre unha cachoeira importante para unha das súas fundamentais vocacións, a de narrador e dramaturgo. No ano 64 pode disfrutar da estrea da súa obra, *As bágoas do demo*, baixo a responsabilidade escénica de Eduardo Blanco Amor.

No ano 1962 afíliase ó Partido Comunista de España (PCE) ou cando menos fai pública neste ano esa súa afiliación. No ano 66 xa está en Madrid participando no Círculo de Estudos Galegos, no marco do Clube da Unesco. No 74 publica a colección de relatos *O Naranxo*. En 1976 pronuncia unha conferencia na Facultade de Letras de Compostela, que sería publicada co título *Historia do galleguismo político*, unha intervención moi accidentada por terse pretendido o boicot por parte dun grupo de nacionalistas. En 1979 foi candidato a deputado nas listas do Partido Comunista de Galicia (PCG), naquelas primeiras eleccións democráticas despois da guerra incivil, que foi cando eu o coñecín persoalmente e admirei a súa capacidade oratoria e de sedución. No 98 morre, moi novo, e publícase *Era tempo de apandar*.

Na mencionada liorta de Santiago foi onde máis claramente se evidenciou aquela acusación que dende certos sectores do galeguismo se lle viña facendo, a de ter sido un infiltrado comunista nas organizacións galeguistas nas que participou. Posiblemente fose esta a causa de que o seu grande amigo e camarada Herminio Barreiro afirmase que Valenzuela era un firme galeguista, polo que era un convencido republicano e que, dende esa condición, chegase a ser un comprometido comunista. Eu, neste asunto, non estou moi de acordo co que ten manifestado aquel tamén meu amigo e camarada Herminio Barreiro; teño para min que Valenzuela sempre foi un home de condición comunista, como tal, republicano e, dende esa dobre sensibilidade, sendo galego e galego culto, non podería eximirse da militancia, con firme compromiso, no ideal galeguista. Signos que eu lle observo desa antiga vocación e desa

ideoloxía comunista, entre outros, son aquel intento de organización dos mozos galeguistas en células, a integración no Batallón de Lister, a colaboración en *Nueva Galicia* e a participación nos servizos de información da resistencia francesa.

## 1.2. FRANCISCO COMESAÑA

Francisco Comesaña nacera en Cuba (1913), fillo de emigrantes procedentes de Tui. Pese a que aínda era moi neno cando o trouxeron para Galicia, o ter a dobre nacionalidade foi o que chegaría a lle salvar a vida despois de que, o 22 de decembro de 1936, fose condenado a morte con outros quince compañeiros máis. Precisamente o mesmo día 11 de febreiro do 37, día en que foron fusilados os outros condenados, chegoulle a el o indulto, un indulto que tanta ledicia trouxo á familia e polo que tanto loitaran, pero do que el, no momento, pouco puido desfrutar, ó ver como fusilaban os demais sen poderse facer nada por salválos. A súa muller, Concepción Concheiro, ten dito que nunca viu chorar a ninguén con aquela maneira de chorar de Comesaña o día que, por presións do Goberno cubano, salvou a súa vida, namentres sufría a desaparición das vidas daqueles camaradas que tanto significaran para el e para a esgazada historia do país.

De moi novo, estudante en Compostela, foi Secretario das Xuventudes Socialistas e, tras a unificación destas coas Xuventudes Comunistas, foi elixido Presidente das Xuventudes Socialistas Unificadas. Dende este acontecemento foi, ata a súa morte, un disciplinado militante comunista, incluso nos máis duros momentos do deostado estalinismo. Do ano 37 ó 39 estivo recluído no cárcere da Coruña, dende onde o trasladaron ó sanatorio penal Porta Coeli na serra de Valencia, en cuxa reclusión, por poderes, casou con quen fora o amor de toda a súa vida, a xa mencionada Asunción Concheiro García, no ano 1941.

De Valencia trasladárono a Vigo, onde reagruparon a todos os presos de orixe cubana e, no mesmo tren, tamén viñan outros penados con destino á illa de San Simón. Esta obrigada viaxe propicioulle ó astuto Comesaña a posibilidade de protagonizar unha das aventuras

máis ousadas e singulares da súa vida. El, xa en toda a viaxe, viñera compadreando con parte da dotación de gardas civís que custodiaban aquel colectivo de presos, dándolle á timba, por momentos, máis ocupado en lles procurar satisfacción con permitidas ganancias ca en gañarlles a eles os escasos diñeiros apostados. Por algunha influencia a seu favor, coa que contaba a familia, conseguiu que lle puidese surtir a Monforte de Lemos a súa dona, acompañada dunha cuñada, para poderen facer xuntos o que quedaba de viaxe ata Vigo e en particular vagón, separados da presenza dos outros presos, o que aconteceu con plena ledicia de Ascensión pese á obrigada presenza de varios gardas e mais da súa cuñada e compañeira. En Redondela, namentres apeaban os presos que ían para San Simón, o doutor Comesaña desentendeuse da súa muller e da súa irmá para se entreter moi animadamente cun suboficial da dotación de gardas, o que produciu grande desencanto e dolor na pobre Concepción, que non podía comprender aquel groseiro comportamento en home tan querido, tan atento e coidadoso. Cando chegaron a Vigo, xa convencido o funcionario para a imprescindible colaboración, chamou ás mulleres por acenos e con elas e coa oportuna custodia de gardas civís dirixíronse ó mellor hotel da cidade, o Universal, e alí se inscribiu, creo que como Comandante dos Servizos de Información, coa súa familia e coa escolta correspondente, como autoridade na que viñera a dar por arte da súa labia e serenidade. Toda esta astucia resultaba máis doada naquel Vigo inzado de espías dos dous bandos contendentes na maldita confrontación mundial en Europa, a Segunda Guerra Mundial, de maneira que cada quen era quen dicía que era sen grandes miramentos por parte dos que cumprían co papel de controladores. Desta maneira, con gardas civís apostados á porta do cuarto, chamando á porta a cada instante, e co necesario madrugón para poder ser entregado o noivo na prisión da cidade, pasaron a noite de vodas, a primeira noite marital das súas vidas. Por certo, nunca ningún deles, nin Francisco nin Concepción, revelou a identidade de quen fora o membro ou os membros da benemérita que facilitaran aquel gozoso acontecemento.

No ano 1943, despois dunha redución da pena, sae en liberdade condicional e, aínda en tales precarias circunstancias, non lle faltaron arrestos para colaborar coa Guerrilla prestándolles os oportunos servizos médicos. En 1944 exíliase en Cuba, onde nace o seu primeiro fillo, que foi apadriñado polo amigo e camarada Julián Grimau, aquel loitador comunista vilmente asasinado polos aparatos represores de Franco no ano 1960. Con todo, non tardaría en trasladarse a México, reclamado con oferta de traballo, onde desenvolve labores profesionais, políticas e de dinamización sociocultural. Aquí dá mostras do seu sincero galeguismo cando funda o Padroado da Cultura Galega e cando, na súa escasa achega de texto escrito, publica na revista *Vieiros* o artigo “Cavilando...”, unha reflexión sobre a efeméride que se celebra como Día da Patria Galega.

No ano 1976 retorna definitivamente a Galicia, á súa casa de Tui, no barrio de San Bartolomé; alí convértese no venerado médico dunha colonia de xitanos alí residentes, onde vén a ser o único doutor ó que se lle permite entrada no convento e o coidado das monxas de clausura, tamén veciñas do mesmo barrio. Cando no ano 1997 recibiu sepultura con cerimonia civil, non lle faltaron as palabras teístas –palabras aceptadas pola familia– dun seu amigo sacerdote, que llo recomendou ó Deus no que xamais Francisco Comesaña crera.

### 1.3. XOSÉ VELO MOSQUERA

Xosé Velo Mosquera (1916), activo, inqueda e aventureiro personaxe, que nalgunha ocasión ten sido cualificado como apaixonado e sectario, fundou no ano 1932, con Celso Emilio Ferreiro, as Mocidades Galeguistas de Celanova e foi membro do Primeiro Consello Nacional da Federación de Mocidades Galeguistas; en abril de 1935 elixírono como Secretario Xeral desta organización. Tamén participou en Galeuzca e, pese a que nunca militou en ningún partido comunista, aínda que el mesmo se ten queixado de que, precisamente, o acusaran de militante no exercicio da represión que sufriu, as súas simpatías polo comunismo universal posiblemente puidesen esculcarse na observación do acontecer na súa existencia.

Como tantos outros, no ano 1936 foi detido e en 1937 foi mobilizado e integrado no exército sublevado, na División Acorazada Brunete. No ano 1938, despois dalgún frustrado intento de se pasar á zona republicana, retorna a Celanova, co beneficio de ser un terceiro irmán na fronte de batalla e mediante solicitude de súa nai, circunstancia que aproveita para marchar á Guinea Española e non retornar ata acabada a guerra no 39, data na que crea unha academia de ensino na vila natal. Tamén cunha academia de ensino tentou subsistir en certa clandestinidade en Vigo dende o ano 43, pero xa en 1944 sería detido coa acusación de ter contactos co exilio republicano. Posto en liberdade mediante o beneficio dunha amnistía do ano 1945, sempre co medo á constante represión, refúxiase nunha aldea de Celanova. En 1948 foxe a Portugal e, previa unha breve detención por parte da PIDE (Policía Internacional e de Defensa do Estado), consegue chegar a Venezuela, con pasaporte deste país facilitado polo efémero Presidente e grande narrador Rómulo Gallegos. En 1956, ano do Congreso da Emigración, preside o Lar Gallego e, dende Venezuela, conecta con Alberto Bayo, o militar republicano e aviador español de orixe cubana que dirixía un grupo propagandista opositor dende *Radio Claridad* no exilio cubano; e baixo as consignas desta oposición ó franquismo tamén Velo emite dende *Radio Cultura* e *La Voz de la Patria*, no marco da Unión de Combatientes Españoles que dirixía A. Bayo. Desencantado con esta relación e con esta colaboración, toma contacto coa oposición portuguesa ó salazarismo, personificada, entre outros, en Humberto Delgado e Henrique Galvão, e con outros galegos como José Fernández Fernández (Jorge Sotomayor). Este grupo fundará o DRIL (Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación), organización da que foi Xosé Velo cosecretario, con Humberto Delgado, dende xaneiro de 1960.

Polo ano 1961, cando o PCE xa desbotara a táctica da loita armada, Velo cre que hai que coordinar as contestacións española e portuguesa e decide, cos compañeiros do DRIL, o secuestro do trasatlántico Santa María, secuestro que manteñen dende o 22 de xaneiro ó 4 de febreiro, ata se entregaren, en calidade de

exiliados, no Brasil democrático de Jânio Quadros. No Brasil, en São Paulo, fundou en 1964 a librería Nós, coa efémera editorial homónima e a revista *Paraíso 7 días*, da que consegue publicar cinco números. Luís Noia, o falecido impresor vigués, que viaxaba naquel trasatlántico sendo aínda un rapazote, ex alumno de Velo, nunha entrevista sostida para eu procurar información sobre este acontecemento, manifestoume que a capacidade de convicción oratoria de Xosé Velo era tal que, no desembarco, no porto de Recife, foran moitas as persoas que choraban naquela despedida.

Como poeta, unha das súas paixóns iniciouse co poema “Alciprés”, no ano 1935, que deu moito que falar polo contido e a ousadía formal. Andando o tempo crearía algúns outros poemas ocasionais que non tiveron a mesma transcendencia. Celso Emilio Ferreiro, con quen fundou *Cartafol de poesía*, ten dito del que era “grande poeta, con escasa obra, de abondosas desventuras”.

## 2. A PRESENZA DESTES TRES ESQUERDISTAS NO CONGRESO

A primeira constancia de protagonismo que destes personaxes podemos observar no libro titulado *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Documentación, crónicas*, publicado pola editorial Nós de Bos Aires en 1959, tres anos despois de terse celebrado o evento, corresponde á participación, con algunhas outras personalidades que chegaran de fóra, de Xosé Velo e Francisco Comesaña como conferenciantes na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires e en institucións da colectividade galega, segundo se nos conta nunhas “Verbas limiares”. Neste reducido colectivo, ademais dos nosos protagonistas, participaron figuras da dimensión de Lois Tobío, Suárez Picallo e Emilio González López.

Con Francisco Comesaña viñan Marcial Fernández e Roxelio Rodríguez de Breaña. Con Xosé Velo Mosquera viñan Avelino Díaz, que actuaría como Secretario do Congreso, e Manuel Pedreira. Ramón de Valenzuela, que moi posiblemente acudiría en representación ou amparado pola AGUEA, consta nun amplísimo listado de máis de oitenta congresistas

residentes en Bos Aires, no que ocupa o terceiro lugar, entre Xosé M. Ferreiro e Bernaldo Souto.

Na sesión preparatoria, presidida por Manuel Puente, tamén Presidente da Comisión Organizadora, asistido por Xosé Benito Abreira como Secretario, cando se pasa a nomear a mesa do Congreso, xa interveñen, no intercambio de ideas, tanto Xosé Velo coma Francisco Comesaña, ó tempo que Ramón de Valenzuela entra na composición da Mesa, presidida por Xesús Canabal, como un dos Pro-secretarios. Como consecuencia dunha nova intervención de F. Comesaña e de X. Velo, con apoio explícito de Antón Rodiño, Enrique A. González e Antón Suárez do Pazo, acórdase nomear unha Presidencia Honoraria e simbólica composta por Alfonso R. Castelao, Alexandre Bóveda e Antolín Faraldo. Tamén se acorda “desiñar membros honorarios do Congreso, como homenaxe á muller galega, a dona Virxinia Pereira, viuva de Castelao; Señora Álvarez de Bóveda, nai do noso protomártir; dona Gala Murguía de Castro e dona Manuela Sánchez”. O Secretario Avelino Díaz aínda nos deixa constancia, nesta Acta, de que, con Suárez Picallo, Xosé Velo usou da palabra en diversos momentos da sesión, con verbas fraternas e emocionadas, en ambos casos acollidas “con unánime aprobación”.

Na Comisión E, que se ocupa do apartado C, inciso b do Temario, co título *A emigración galega na vida social. As sociedades mutualistas máisima creación da emigración galega*, participa de maneira destacada Francisco Comesaña, como delegado do Patronato da Cultura Galega de México DF, con reflexións sobre “Causas da súa creación. Siñificado do fenómeno: senso cooperativo do home galego. Cooperativismo tradicional galego como base do mutualismo galego na América. Influxo do mutualismo galego nas Sociedades americanas”. Na Comisión G, apartado C do inciso d do Temario, co título *A emigración galega e-a cultura*, destaca Xosé Velo Mosquera, como delegado do Lar Galego de Caracas, con análises sobre temas que poderíamos resumir nos seguintes enunciados reducidos: “Os vencellos da emigración galega coa nosa cultura...”, “Necesidade de fomentar o teatro

galego...”, “Artes plásticas...”, “A música...”, “A difusión da cultura galega...”, “Revistas...”, “Editoriales...”, “A lingua...”, “A emigración galega e as culturas americanas. O aporte galego...”, etc. Esta comisión contaba na súa composición con tan relevantes personalidades intelectuais que, para facérmonos idea do seu alcance, resulta suficiente deixar constancia das máis significativas; a saber: Emilio González López, da Casa de Galicia de Nova York; Lois Tobío Fernández, como invitado especial dende Uruguai; Ramón Suárez Picallo, dende a audiencia *Galicia en el Aire* de Santiago de Chile, e Rodolfo Prada, da Irmandade Galega de Bos Aires.

Na sesión inaugural, despois dos protocolarios discursos presidenciais, da lectura de mensaxes de adhesións e outros formalismos, Comesaña pronuncia un “fermoso e documentado” discurso sobre Concepción Arenal, “cuio final foi acollido con unánime aprauso”. Xosé Velo emulou o éxito de Comesaña mediante outro discurso sobre o tema “Galicia e os emigrados”, disertación, segundo manifesta o Secretario Avelino Díaz, “estremecida de emoción e de fraternidade galegas (...), conmove a sala, que, posta en pé tribúttalle unha afervoadada ovación”. Despois dunha nova intervención por parte de cada un dos dous protagonistas, pechou a sesión Suárez Picallo, membro do Consello de Galiza, cunha breve exéxese dos principais puntos do temario.

Na sesión de debates, Ramón de Valenzuela, na condición de Pro-secretario, dá lectura do ditame da Comisión E. No ditame da Comisión G, de tema tan agardado, que le Xoán Marín Castro na condición de relator, inicia o debate o mesmo Ramón de Valenzuela, con referencia ó seu relatorio acerca do teatro galego, actividade da que fai cálida defensa, e aclara, ante algún amago de reproche, que as afirmacións que emite non implican nin descoñecemento nin menosprezo cara ás obras non citadas. Na mesma sesión, Xosé Velo, segundo os secretarios de actas, Avelino Díaz e Xohán Martínez Castro, “fai unha mañífica oración a Galicia i-os galegos que dende e todol-os meios da actividade human traballan por ela e pol-o seu progreso en todol-os ordes”. Xosé Velo proclama que todos somos

necesarios, os labregos, os mariñeiros, os obreiros e os técnicos, os poetas e os novelistas, os músicos e os artesáns; o que importa, di el, é que sexamos nós sempre e en todos os sitios e circunstancias, parte viva da Terra galega en función creadora de bens físicos e espirituais, de arte e de cultura. Finalmente pide aplausos para os organizadores do Congreso e remata cun “¡Viva Galicia Ceibe!”; recibe unha ovación que rubrica as súas verbas. A conflitividade nesta sesión xurdiu pola confrontación entre Xulio Fernández, do Centro Lucense, e Xosé Benito Abreira, por mor das actitudes tan diversas fronte ó feito lingüístico, algo nada sorprendente para min que, aínda por mediados dos anos oitenta, con Abreira xa ancián e o Centro Lucense reconvertido no Centro Galicia, puiden comprobar como a discrepancia e a confrontación permanecían. Os debates deste relatorio rematan cunha declaración e diversas propostas verbais, formulacións nas que non podía faltar a achega de Xosé Velo, que a fornece ó tempo que o fai Rodríguez de Bretaña, co resultado de que ambas foron aprobadas e incluídas en nota á parte.

A Comisión E, aquela na que participou con notable protagonismo Francisco Comeña como Presidente da Comisión de Ditame, nomeado na primeira sesión, conta con destacados relatorios, dos que se recollen as oportunas conclusións que asina, como Secretario, Xerardo M. Díaz, con todos os demais compoñentes:

“Posición e significado espiritual e cultural do mutualismo galego na emigración”, por Ramón Suárez Picallo, que estrutura nos seguinte puntos: “Historia; Características espirituais, sociais e culturais do noso mutualismo; Hai que arrequeñar a herencia”.

“Infruxo de América en Galiza a traves dos emigrados”, presentada pola Irmandade Galega de Bos Aires, que estrutura da seguinte maneira: “Unha descrición previa ós enunciados dos puntos a seguir; Aspectos positivos; Aspectos negativos; Conclusións”.

“As Agrupacións de socios do Centro Gallego de Buenos Aires”, presentada pola Agrupación Galicia (do Centro Gallego de Bos Aires), que artellan nun todo *continuum*,

asinado polo Secretario Abelardo Estévez e mais o Presidente Victorino Ares Barcala, consistente, *grosso modo*, nunha louvanza do Centro Gallego de Bos Aires.

“Mutualismo galego en Montevideo” é unha brevísima información sobre a Casa de Galicia en Montevideo, que son os que presentan o relatorio. Máis longa é a exposición do Moi Ilustre Centro Gallego da Habana, que é a institución que a presenta, “Do mutualismo en Cuba”, por Maximino Matalobos Loureiro, xebrada nunha introdución informativa xeral, seguida de “Casa de salud «La Benéfica»; Unidad Quirúrgica; Estadísticas año 1955”. De Cuba preséntanse tamén “Beneficiencia galega en Cuba”, da Sociedade de Beneficiencia de Naturales de Galicia da Habana; “Asistencia y protección a la mujer y el niño en la colectividad gallega de Cuba”, da Asociación de Galicia da Habana; “Datos dunha sociedade comarcal galega da Habana”, presentada pola Sociedade de Instrución e Beneficiencia “Vivero y su comarca”; “Encol dunha sociedade comarcal galega da Habana”, presentada pola Asociación de Naturales de Ortigueira; por último, tamén presentou sen título un relatorio a Sociedade cultural e benéfica “Unión barcalesa” da Habana. Todos os relatorios deste parágrafo son de carácter informativo con vocación de balance.

A Comisión G, na que tiveron moita presenza e protagonismo Ramón de Valenzuela e, sobre todo, Xosé Velo, que foi elixido como Secretario de Ditamen da Comisión, estaba presidida por Emilio González López, con vocais do relevo de Suárez Picallo, Lois Tobío e Rodolfo Prada. Sen dúbida, foi esta a Comisión estrela do Congreso, como ben se podería intuír e comprender, tan só coa presentación dos enunciados dos relatorios; a saber:

“As sociedades galegas. O que se ten feito, o que se pode facer”, “Teatro galego e radio-telefonía” e “A emigración galega e a lingua galega”, presentadas as tres polo Centro pontevedrés de Bos Aires, a última coas sinaturas de Cándido A. González e Uxío García; “A difusión da cultura galega e a súa ourentazón. Como elevar a moral da persoalidade galega”, presentada por Leandro Carré (da Academia Galega); “A emigración galega e a cultura”,

remitida por Francisco Fernández del Riego desde Vigo; do mesmo título é outra, brevíssima, de Uxío Carré Alvarellos. “En col dun gran voceiro da eispresión galega” é o título da exposición que presentou o Centro coruñés de Bos Aires; “As grandes empresas cuia realización se impón” presentouna a Irmandade Galega de Bos Aires; Manuel Beiras García, con José Mosquera Pérez e José R. Vázquez, presentaron “A axuda individual a empresas culturais galegas”; o Centro Galego de Montevideo presentou “Creación de una institución cultural gallega”, asinada esta por Luís Luna, Secretario, e Marcelino Martínez, Presidente; Julio Fernández, polo Centro Lucense de Bos Aires, asina o relatorio “Organización de los emigrados”, no que se conclúe coa proposta dunha soa entidade, o que veu a resultar o actual Centro Galicia; “A defensa do idioma, vencello espiritual de todol-os galegos” é un relatorio estruturado en catro capituliños que asinan varias personalidades dende Galicia, a saber: Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, J. Rof Carballo, Domingo García Sabell, Ricardo Carballo Calero, Celestino F. de la Vega, Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto e Ramón Piñeiro; é dicir, o plenario de Galaxia. Do Patronato de Cultura Galega en México é o relatorio “Lingoa galega”, que reclama a unificación gráfica e a oficialidade para o idioma; “O problema dunha música culta galega” remítea dende México Xesús Bal e Gay; a AGUEA presenta “En col dun museo circulante de fotografías de obras de arte, dibuxos e grabados” e “A emigración galega e a cultura”; o Centro ourensán de Bos Aires insiste co aspecto lingüístico e coa espallamento da cultura en “Difusión da cultura galega. Defensa do idioma galego”; Carlos Velo, coa constancia de ser o Vicepresidente do Patronato da Cultura Galega en México, remite un relatorio propio da súa arte: “Proposta de creación do Centro Cinematográfico Galego”; Gervasio Vázquez presenta “Música e poesía galegas” e Gumersindo d’Entenza presenta “Relación co mundo Celta”. Ramón de Valenzuela ocúpase do feito teatral en “Necesidade de fomentar o teatro galego”, breve relatorio no que considera o teatro como un medio de difusión cultural e na que fai referencia ás dificultades que hai que afrontar, como a falta de obras, de elencos

ben dirixidos ou de público con interese no bo teatro. Como solución propón que non se estea á marxe do teatro que se produce noutros idiomas e que se incida nas oportunas traducións; así mesmo, subliña as excelencias do teatro en portugués, especialmente o brasileiro, teatro este do que manifesta que máis que traducido deberá ser adaptado á nosa lingua.

Os responsables da Comisión de Ditamen desta delegación G resolveron, entre outros puntos, e como se resume a seguir, concluír que: Galicia é un pobo con cultura propia, o instrumento esencial da expresión cultural é o idioma, a maneira de manter e desenvolver a lingua sería fundar o Padroado da Lingua Galega, como elemento da Galicia da emigración; reclámase o dicionario en liña coas novas correntes filolóxicas; e así os sucesivos puntos conclusivos, dando saída, para satisfacción dos ponentes, os diversos relatorios presentados.

Houbo varias homenaxes coas que se adornou o Congreso: a de Castelao, a de Bernardino Rivadavia e a de Rosalía de Castro; a dedicado á cantora tivo lugar no Día de Galicia diante do monumento sobranceiro do salón de entrada do Centro Gallego. O responsable da conferencia foi Xosé Velo, que respondeu plenamente á súa condición de orador emocional, evocándoa como símbolo da muller galega, nai, noiva e irmá, que pola máxima verba lírica logrou facer obra e arte; a dita intervención rematou cunha extraordinaria ovación. Cara ó remate do Congreso, no acto a modo de banquete, coa evocación do histórico de Conxo, que se celebrou no Pazo Galicia do Centro Lucense, en Olivos, o 28 de xullo, aínda Xosé Velo pronunciou o seu emocionado discurso, como delegado de Caracas, no medio dun colectivo de oradores de primeira liña (Marcial Fernández por México, Xerardo Álvarez Gallego pola Habana, Emilio González López por Nova York, Ramón Suárez Picallo por Chile, Antonio Hurtado como presidente do Centro Republicano Español de Bos Aires e Xohán Martínez Castro polo Uruguai). Pechou a parte oratoria deste acto o Secretario do Consello de Galicia, Antón Alonso Ríos.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

CONCHEIRO, Concepción (2013): *Los recuerdos que llenaron mi vida*. México.

GRAÑA LÓPEZ, Beatriz (2003): *Voces da memoria. Galegos exiliados, emigrados e resistentes durante o Réxime franquista*. Santiago de Compostela: Universidade, Concello de Santiago.

MEJÍA RUÍZ, Carmen (dir.) (2011): *Dos vidas y un exilio. Ramón Valenzuela y M<sup>a</sup> Victoria Villaverde. Estudio y antología*. Madrid: Editorial Complutense.

PIÑEIRO, Antonio (2008): *Xosé Velo Mosquera. Poeta e soñador, político, pensador revolucionario e mestre*. Vigo: Ir Indo (col. Galegos na Historia).

SUÁREZ PICALLO, Ramón *et al.* (eds.) (1959): *Primeiro Congreso da Emigración Galega. Feito dende o 24 ó 31 de xullo de 1956 en Buenos Aires*. Bos Aires: Editorial Nós.